

**REC**

Se tes entre 12 e 16 anos, despois de ler dous libros da Editorial Galaxia, envíanos por e-mail un video comentando cada lectura. Cóntanos que é o que máis che gustou e por que o recomendarías. Os vídeos non poden superar os 2 minutos de duración.

*Recorda que tes ata o 27 de abril!*

f @falamos.delibros    t @EdGalaxia    i @galaxiaeditorial

EDITORIAL GALAXIA

# Reto Lector

Consulta as bases na nosa web

[www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal)

[galaxia@editorialgalaxia.gal](mailto:galaxia@editorialgalaxia.gal)

GAÑA UN IPAD  
ÚLTIMA XERACIÓN  
E VARIOS  
LOTES DE LIBROS



EDITORIAL GALAXIA

# BASES

1. Poderán optar ao premio as rapazas e os rapaces de entre **12 e 16 anos**, ambas as idades incluídas.
2. Para participar hai que ler dous libros da Editorial Galaxia das coleccións Árbore, Costa Oeste ou Literaria.
3. Cada participante deberá enviar a **galaxia@editorialgalaxia.gal** dous arquivos de vídeo a través da plataforma WeTransfer, un por cada libro lido. Comentará o contido da obra, os aspectos que lle gustaron e as razóns polas que recomendaría a súa lectura. A finalidade de cada vídeo é animar a que outras persoas lean.
4. A Editorial Galaxia resérvase o dereito de divulgar, a través da súa web e das súas redes sociais, os vídeos enviados. Por este motivo, no mail que cada participante nos envíe, ademais dos dous vídeos deberá achegar a autorización da nai, pai ou titor. Pódese descargar un modelo de autorización en **www.editorialgalaxia.gal**
5. Os vídeos non poderán superar os 2 minutos de duración.
6. Convidarase a un xurado formado por alumnado da ESO dun centro de Galicia para decidir o vídeo gañador. Automaticamente este centro quedará fora da convocatoria. Cada membro do xurado estará obrigado a elixir os cinco vídeos que máis lle gusten, de entre todos os recibidos. Deberá valorar os seguintes aspectos cunha puntuación entre 1 e 5:

**Poder de persuasión**

**Claridade expositiva**

**Creatividade na gravación**

7. O rapaz ou a rapaza que gañe o reto lector recibirá un Ipad de última xeración.
8. Ademais haberá cinco lotes de libros coas últimas novidades das coleccións Literaria, Costa Oeste e Árbore para os cinco seguintes clasificados.
9. A data límite para entregar os vídeos será o **27 de abril de 2018**.
10. O fallo do xurado farase público no mes de maio de 2018.